



## ORDENANZA FISCAL 2/2009 REGULADORA DA TAXA POR LICENZAS DE AUTOTAXIS E DEMAIS VEHÍCULOS DE ALUGUER

### PREÁMBULO

No uso das facultades concedidas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución española, e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, o Excmo. Concello de Pontevedra establece a taxa por licenza de autotaxis e demais vehículos de alugueiro, que se rexerá pola presente Ordenanza fiscal, e as súas normas atenden ao previsto no artigo 57 do mesmo texto.

#### **Artigo 1. Feito imponible**

1. Constitúe o feito imponible desta taxa a prestación dos servizos e a realización das actividades que, en relación coas licenzas de autotaxis e demais vehículos de alugueiro a que se refire o Regulamento aprobado polo Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, se sinalan a continuación:

- a) Concesión e expedición de licenzas.
- b) Autorización para transmisión de licenzas, cando proceda o seu outorgamento, con arranxo á lexislación vixente.
- c) Autorización para substitución dos vehículos afectos ás licenzas, ben sexa este cambio de tipo voluntario ou por imposición legal.
- d) Revisión anual ordinaria dos vehículos e extraordinaria, que teña por obxecto a comprobación da corrección das deficiencias observadas, a instancia de parte.
- e) Por cada permiso especial de conducir ao que se refire o artigo 175 do Código da Circulación
- f) Dilixenciamiento dos libros-rexistro das empresas de servizos de transporte das clases C e D.

2. Non estará suxeita a substitución do vehículo adscrito á licenza por outro, si fora da marca e modelo determinado polo Excmo. Concello de Pontevedra.

#### **Artigo 2. Suxeito pasivo**

Son suxeitos pasivos contribuíntes as persoas físicas ou xurídicas e as entidades sen personalidade xurídica ás que se refire o artigo 35.4 da Lei 58/2003, do 17 de decembro, xeral tributaria, seguintes:

1. A persoa ou entidade a cuxo favor se outorgue a licenza, ou en cuxo favor se autorice a transmisión de dita licenza.
2. O titular da licenza cuxo vehículo sexa substituído ou obxecto de revisión, tanto ordinaria como extraordinaria, e cuxos libros-rexistro sexan dilixenciados.

#### **Artículo 3. Responsables**

Os supostos de responsabilidade, xa sexa subsidiaria ou solidaria, serán os previstos na normativa tributaria.

#### **Artículo 4. Beneficios fiscais**

Non poderán recoñecerse outros beneficios fiscais que os expresamente previstos nas normas con rango de lei ou os derivados da aplicación dos tratados internacionais.

## Artigo 5. Base imponible

Tomarase como base para a determinación do importe desta taxa os custos directos e indirectos necesarios para garantir o mantemento e desenvolvemento razoable do servizo de expedición de licenzas de autotaxis e demais vehículos de aluguer.

## Artigo 6. Cota tributaria

1. A taxa esixirase de acordo co seguinte cadro de tarifas:

A) Polos supostos recollidos nos apartados 1.a) e 1.b) do artigo 1:	2.118,57 €
B) Polos supostos recollidos nos apartados 1.c) e 1.d) do artigo 1:	25,42 €
C) Polos supostos recollidos nos apartados 1.e) e 1.f) do artigo 1:	8,47 €

2. A tarifa B) do apartado anterior reducirase nun 50% cando se trate de vehículos para persoas de mobilidade reducida, proxectados e construídos especialmente (e non meramente adaptados) para o uso de persoas con algunha disfunción ou incapacidade física.

## Artigo 7. Devengo

A taxa devéngase cando se inicie a actividade municipal que constitúe o seu feito imponible.

## Artículo 8. Declaración e ingreso

1. A taxa esixirase en réxime de depósito previo do seu importe total, de acordo co exposto no art.26.1.a) do Real Decreto Legislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba ao texto refundido da Lei reguladora das facendas locais. Para estes efectos, o depósito satisfarase antes da presentación da oportuna solicitude. Non se iniciará a tramitación de expediente algún sen que o solicitante acompañe á solicitude xustificante de ter efectuado o depósito.

2. As persoas interesadas na solicitude dos servizos que constitúen o feito imponible desta taxa, presentarán a correspondente autoliquidación, e efectuarán o seu ingreso, sendo o prazo de pago en período voluntario de cinco días naturais. Así no Rexistro Xeral, presentarán xuntamente coa súa solicitude, o xustificante bancario do ingreso efectuado.

### DISPOSICIÓN ADICIONAL

1. A contía da cota da taxa poderase actualizar conforme ao Índice de Prezos do Consumo (IPC) establecido para o Estado polo Instituto Nacional de Estatística (INE).

2. O cálculo da actualización farase tendo en conta a evolución do IPC durante o período comprendido entre o mes de agosto do ano no que se aprobara a última actualización e o mes de xullo do ano inmediatamente anterior ao da súa aplicación, ambos inclusive.

3. A actualización requirirá, para a súa efectividade, a súa aprobación polo Pleno, conforme ao procedemento previsto no artigo 17 do Real decreto legislativo 2/2004.

### DISPOSICIÓN FINAL

A presente modificación da Ordenanza, aprobada polo Pleno da Corporación na súa sesión do día 21 de decembro de 2007, apróbase polo propio Pleno na súa sesión do día 24 de outubro de 2008, e, unha vez publicada integramente no Boletín Oficial da Provincia, entrará en vigor o 1 de xaneiro de 2009, producindo efectos ata a súa modificación ou derrogación.